


EDUCAR EN VERDE

RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS

POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

Richard Louv



VITAMINA N: GUÍA ESENCIAL PARA UNHA VIDA RICA EN NATUREZA. Factoría K, 2019.

Máis de 500 consellos e propostas de actividades creativas, divertidas e eficaces para interactuar coa natureza para todas as idades. Os contidos deste manual organizanse nos seguintes capítulos: En busca dunha vida rica na natureza-0 don da memoria- Como coñecer o mundo?-A casa e o xardín ricos en natureza-Aumentar a resiliencia natural-Tolos pola natureza-Crecer ao aire libre: o tratamento a base de natureza- A escola da natureza e - A comunidade rica en natureza.

En préstamo en 

Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Ourense](#), [Lama](#), [Alfoz](#), [Boqueixón](#), [Marín](#), [Oroso](#), [Ponteareas](#), [Salvaterra](#), [Vigo](#), etc.

Bibliotecas Universitarias: [Pontevedra UVIGO](#)

LA ESCUELA A CIELO ABIERTO. La Travesía Ed, 2021.

Este manual, deixa atrás os muros da aula e propón atreverse a ensinar ao aire libre en calquera estación do ano. Para contextualizar a aprendizaxe, desenvolver as competencias transversais e sensibilizar ao alumnado sobre a conservación da súa contorna, saír dos camiños trillados e redescubrir a alegría de educar poñendo no centro o desenvolvemento persoal e a felicidade. Permite traballar no exterior todas as áreas de coñecemento de educación infantil e primaria e, mesmo, secundaria: lingua, idiomas, matemáticas, ciencias naturais, ciencias humanas e sociais, medio ambiente, artes plásticas, música, corpo, movemento e educación física.



Sarah Wauquiez,
Nathalie Barras,
Martina Henzi

En préstamo en 

Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Covelo](#)



Alfonso
García de la
Vega



TALLER DE NARRATIVA CIENTÍFICA: APLICACIÓN DIDÁCTICA SOBRE EL CAMBIO CLIMÁTICO. Octaedro, 2022.

Este libro recolle o proceso de formulación, execución e resultados do proxecto de investigación Taller de Narrativa Científica sobre o Cambio Climático, concedido pola Fundación Española de Ciencia e Tecnoloxía (FECYT). Céntrase na achega científica de seis personalidades cuxos achados impulsaron o coñecemento do cambio climático no seu momento. O enfoque educativo consiste en ofrecer un taller dinámico, a través de tres fases sucesivas: expositiva, experimental e expresiva.

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

BUENAS PRÁCTICAS DE EDUCACIÓN PARA EL DESARROLLO SOSTENIBLE. EL MUNDO QUE QUEREMOS. UNA EXPERIENCIA GLOBALIZADORA A TRAVÉS DEL APRENDIZAJE BASADO EN PROYECTOS. Secretaría General Técnica, Subdirección General de Atención al Ciudadano, Documentación y Publicaciones, 2022.

Colección de boas prácticas que nace coa vocación de ofrecer diferentes puntos de vista na mellora do plano pedagóxico, no das redes educativas, na contorna social e na acción da mocidade nos centros educativos, no relacionado coa educación para o desenvolvemento e cos obxectivos de desenvolvemento sostible. Plasma as ideas que ten o alumnado do CEIP Mestre Monreal de Ricla (Zaragoza) sobre o significado dun futuro sostible.



Diego López
Gutiérrez,
Esther Balsa
Latorre


Descárgao en



<https://acortar.link/2aMWcj>



Secretaría Gen.
Agenda Urb. y
Vivienda,
Ministerio de
Transportes
Movilidad y
Agenda Urbana



AGENDA URBANA ESPAÑOLA: UNA GUÍA PARA EDUCACIÓN PRIMARIA. MITMA-MEFP, 2020.

Recurso da Axenda Urbana Española para promover que os nenos e nenas se sintan protagonistas da contorna na que viven, a entendan, gocen e respecten, creando unha conciencia cidadá que favoreza unha cultura participativa no futuro. Serve para achegar as políticas urbanas de pobos e cidades, con independencia do seu tamaño e poboación, aos principios de sustentabilidade ambiental, económica e social.

Descárgao en



<https://acortar.link/Mz07fl>

CRECER EN BICI. GUÍA PARA PROMOVER EL USO Y DISFRUTE DE LA BICICLETA ENTRE ESCOLARES.

Consejería de Educación, Cultura y Deportes de Castilla - La Mancha, Servicio de Promoción del Deporte Escolar, 2021.

Esta guía busca promover o uso e goce da bicicleta entre os escolares en Castela-A Mancha, incorporando todo o que entra en xogo cando se busca que nenas e nenos poidan desprazarse autonomamente tanto para ir ao colexio como para facer recados ou atoparse cos seus iguais. É facilmente aplicable a calquera comunidade. Que os escolares poidan recuperar o seu mundo cotiá, o que conforman as rúas e prazas dos seus pobos e cidades e cuxo uso autónomo está a serlles vedado.



Marta Román
Rivas,
Berta Sanz
Román

Descárgao en



<https://acortar.link/GmHaa8>



APS 4º
Primaria,
Colegio
La Corolla



LA MAR DE VIDA O LA MISIÓN DE FLOTI. Colegio La Corolla, 2021.

Un proxecto aprendizaxe-servizo co que aprender máis dos nosos mares e océanos e do seu papel como recursos mundiais esenciais levado a cabo polo alumnado de 4.º de primaria do Colegio La Corolla (Gijón). O seu plan de traballo é: coñecer, compartir, concienciar e comprometernos, as 4C's. Lévese traballando no colexio durante tres cursos e ano a ano mergúllanse na realidade do noso mar como co-habitantes do planeta.

Descárgao en



<https://acortar.link/scA65b>

¡CUIDEMOS LAS AVES!. DK, Dorling Kindersley, 2023.

Do galardoado autor Brendan Kearney chega a terceira aventura de Finn e o seu can Skip, que nesta ocasión lévaos ao maraviloso mundo das aves mentres aprenden que poden facer para loitar contra o cambio climático. Cando Finn e Skip comezan a súa aventura voando en á delta, unha bandada de cisnes lévese o seu mapa. Ao seguilos para recuperalo, descubren numerosas sorpresas sobre estes novos amigos. Con ilustracións divertidas, este libro ensina aos mozos lectores que todos podemos axudar para mellorar o medio ambiente.




Brendan
Kearney

En préstamo en:



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Rena Ortega



ILLAS Á VISTA! : UN PASEO POLO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA. Triqueta Editora, 2023.

Un percorrido polas Illas Atlánticas de Galicia da man de Rena Ortega, especialista en divulgación natural. Contén toda a información para gozar das excursións ás illas Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada cos máis pequenos. Un Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia único de Galicia cunha diversidade de flora e fauna moi particular. Coñecer a historia, a flora, a fauna e multitude de datos curiosos para sacar o máximo partido ás túas visitas.

En préstamo en

Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)Bibliotecas Públicas: [Tui, Laracha, Pobra, Boiro, Carnota, Marín, Padrón, Sanxenxo, Soutomaior, Vigo, Vila de Cruces, Vilaboa.](#)

SOS: MONSTROS VERDADEIROS AMEAZAN O PLANETA. Baía Edicións, 2020.

Libro ilustrado que pon de relevo os perigos actuais que ameazan a saúde do planeta Terra, presentados a través dunhas personaxes, moi axeitadas ao imaxinario infantil. Con formas que visualizan os diferentes efectos que están provocando no ambiente. Realiza un chamamento á denuncia e participación activa das nosas nenas e dos nosos nenos na loita ante as consecuencias que da actividade humana se está derivando,



Marie G. Rohde

En préstamo en

Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas:

[Barreiros, Burela, Lalín, Mugardos, Porriño, Ponteceso, Sarria, Vimianzo, Santiago, A Coruña, Padrón, etc.](#)Bibliotecas Universitarias: [UDC](#)

BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

FONDOS
PARA TODA A
CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS
DIRIXIDOS A
CENTROS
EDUCATIVOS



<https://bit.ly/2mPg90v>